

**Escaleta do podcast *As Letras cantan, e a Baña tamén!*
CPI de San Vicente, 3.º ESO**

DURACIÓN aprox.	QUE?	QUEN?
0:30	Intro musical: "Jota de Eva" (Leilía, <i>Consentimento</i> , 2011)	-
0:30 (1:00)	Saúdo e introdución	I. V. Pena
0:40 (1:40)	Explicación do traballo de documentación: biblioteca escolar, cancioneros, Internet	Mateo/Pedro
0:20 (2:00)	Corte da recollida do Barro (A Baña), realizada por Xosé Luís Rivas a informantes descoñecidos en 1982 (APOI-Museo do Pobo Galego)	-
0:40 (2:40)	Presentación das entrevistas a Avelina Fontenla e Consuelo García	Pedro/Laura
0:15 (2:55)	Corte da entrevista a Avelina Fontenla	-
0:15 (3:10)	Paso á entrevista a Consuelo García	I. V. Antelo
0:30 (3:40)	Corte da entrevista a Consuelo García	-
0:05 (3:45)	Paso ás cantigas de Avelina Fontenla	Samuel
0:20 (4:05)	Corte das cantigas de Avelina Fontenla	-
0:10 (4:15)	Transición entre a posibilidade de que todo iso se perda e hoxe	Alejandro
0:30 (4:45)	Explicación de como se relaciona o que contan Avelina e Consuelo coa vivencia da poesía e a música tradicionais na actualidade: Pandeireteiras da Baña, himno do Celta, Fillas de Casandra	Carla (final tod@s)
0:10 (4:55)	Peche musical: "Tataravoa" (Fillas de Cassandra, sinxelo, 2023)	-

Descrición da experiencia de creación do podcast *As Letras cantan, e a Baña tamén!*

A **idea orixinal** deste podcast xurdiu da confluencia de varias circunstancias

En primeiro lugar, o podcast foi elaborado na materia optativa de Oratoria, de 3.º de ESO. Na unidade didáctica dedicada aos textos expositivos, unha parte da avaliación requiría que o alumnado elaborase en grupos un produto audiovisual que respondese a esa tipoloxía textual; ademais, nel debía demostrar ter adquiridas estratexias para falar en público aprendidas en unidades anteriores

Por outro lado, o noso centro cada curso escolle unha temática para o seu proxecto anual, que aglutine e dea sentido á maioría das actividades (tanto curriculares como complementarias): nesta ocasión titúlase *A Baña canta*, e xira arredor do baile e a música tradicionais galegas, tentando difundir e poñer en valor entre o alumnado o noso patrimonio cultural inmaterial.

En relación co anterior, un dos seminarios do Plan de Formación Permanente do Profesorado do CPI de San Vicente neste curso versa precisamente sobre a danza e a música tradicionais, en concreto sobre o aproveitamento didáctico da poesía popular e mais do baile.

Por último, o profesorado detectou que ao alumnado lle provocaba estrañeza que se dedique o Día das Letras Galegas 2025 á poesía popular oral, representada por unhas señoras que cantaban e tocaban a pandeireta. Procurando estratexias para achegalas ao alumnado,

sóubose que as avoas dalgúns deles tamén foran cantareiras, e tamén que a moitos deles lles gustan grupos actuais que aproveitan ese legado.

Neste contexto, nunha clase de Oratoria foise perfilando a idea de facer entre todas un podcast monográfico sobre as mulleres que transmitiron a poesía oral no concello da Baña, que tamén dalgunha maneira están homenaxeadas nas Letras deste ano, e mais sobre como a música e a poesía tradicionais seguen vivas na actualidade.

O experiencia de creación do podcast está descrita no propio podcast en liñas xerais.

En primeiro lugar o alumnado buscou información tanto na biblioteca escolar como en Internet. Na biblioteca consultaron varios cancioneros (como o de Casto Sampedro ou o *Cancioneiro popular galego* de Dorothé Schubart e Antón Santamarina), pero non atoparon pezas recollidas no concello da Baña; o que si había era uns folletos publicados pola propia biblioteca escolar a finais das décadas de 1990 e 2010, con compilacións de literatura de tradición oral. Tamén na biblioteca localizaron os discos de música tradicional cantada dispoñibles, entre eles os de Leilía. En Internet deron co Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI), iniciativa do Museo do Pobo Galego, onde localizaron unha recollida etnográfica dos anos 80 do s. XX.

A continuación, o alumnado preguntou nas súas casas, a familia e veciñanza, se algunha persoa maior lembraba cantigas da súa mocidade, como eran as festas de antes etc. A bisavoa dun alumno e a avoa dunha alumna contestaron afirmativamente e accederon a ser entrevistadas. En clase de Oratoria preparamos conxuntamente as preguntas e o alumnado en cuestión realizou as gravacións nas súas casas. As entrevistas proporcionáronos moita información interesante sobre como se transmitía esa poesía popular oral, en que contextos se daba, con que finalidades e que persoas a cantaban.

Seguidamente, na clase de Oratoria houbo unha tormenta de ideas para ver en que medida o legado das homenaxeadas nas Letras Galegas e mais das outras pandeireteiras anónimas (como as avoas da Baña) segue vivo. De entre as varias manifestacións actuais que se mencionaron, o alumnado escolleu as que lle pareceron máis significativas segundo a súa propia experiencia: o grupo local de carácter amador chamado Pandeireteiras da Baña, que participou cantando un par de pezas na celebración do Entroido o pasado 28 de febreiro; as cantareiras Lagharteiras, que interpretan unha parte do himno do centenario do Celta (equipo favorito de varios alumnos e alumnas do grupo); e o grupo actual Fillas de Cassandra, moi de moda entre as adolescentes e que actuou no concello no mes de febreiro.

Con toda esta información e estes materiais, o alumnado elaborou a escaleta e o guión do podcast e o día 13 de marzo de 2025 levouse a cabo a gravación na aula de radio do centro. O alumnado repartíuse tarefas tanto na fase de preparación como na de gravación e na de edición. Nestas dúas últimas fases contaron coa axuda da profesora de Música e aplicaron coñecementos adquiridos nesa materia sobre o uso da mesa de mesturas e a edición de son.

As profesoras participantes consideran a experiencia moi enriquecedora para o alumnado e para toda a comunidade educativa, na medida en que non só serviu para traballar as competencias clave e contribúe a divulgar as figuras homenaxeadas no Día das Letras Galegas 2025, senón que permite tomar conciencia da relación entre esas figuras e a súa/nosa realidade (social, cultural, familiar) máis próxima.